

# PROXECTO SADA

Paisaxe, lugar e arquitectura



Escola Técnica Superior  
de Arquitectura da Coruña



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## **SADA volumen I**

### **Proxecto Sada: paisaxe, lugar e arquitectura**

Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Escola Técnica Superior de Arquitectura

Universidade da Coruña

Coordinación e edición

López-Bahut, Emma

Autoría dos artigos

Casabella López, Xan

Díaz Revilla, Alfonso

Fuentes Valcárcel, Alberto

García Fontán, Cristina

Iglesia Pérez, Manuel de la

López-Bahut, Emma

López González, Cándido

Martínez Suárez, Xosé Lois

Pedrós-Fernández, Óscar

Santos Zas, Gabriel

Vázquez-Díaz, Sonia

Tradución e revisión dos textos

Xesús M. Mosquera Carregal, Servizo de Normalización Lingüística da UDC

Ilustración de portada

Vázquez-Díaz, Sonia; Fuentes Valcárcel, Alberto

Depósito legal: C 2177-2017

Maquetación e impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

ISBN: 978-84-09-00717-2

# Índice

Óscar Benito Portela Fernández Alcalde de Sada	5
Francisco X. Montouto Pérez Concelleiro de Urbanismo e Emprego	7
Introdución: aproximación a Sada desde a investigación e a docencia Emma López-Bahut	9
As brañas de Sada, un espazo entre a exterioridade do obxecto producido en serie e a interioridade das barreiras Manuel de la Iglesia Pérez	11
A transformación de Sada desde a pintura de Francisco Lloréns ata a democracia sobre a paisaxe do século XXI Emma López-Bahut	19
As arelas, a democracia representativa e a realidade espacial no contexto de Sada Óscar Pedrós-Fernández	29
Rede de emocións. Mecanismos retóricos arquitectónicos para producir emocións estéticas no edificio da Terraza de Sada Sonia Vázquez-Díaz e Alberto Fuentes Valcárcel	41
Sada centro, urbano e condicións climáticas Xan Casabella López	53
Sada no territorio Xosé Lois Martínez Suárez e Cristina García Fontán	59
Sada e as revolucións industriais: 1850-1936 Xosé Lois Martínez Suárez e Cándido López González	69
Da praia á rúa. As estradas na formación da estrutura urbana de Sada Alfonso Díaz Revilla	85
Reconsiderar o planeamento Gabriel Santos Zas	95

# As arelas,

a democracia representativa e a realidade espacial no contexto de Sada

Óscar Pedrós-Fernández

Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición  
Universidade da Coruña

## Resumo

---

Na actual sociedade postindustrial, o descrédito dun gran número de electores e a perda da fe na democracia representativa baixo o sistema de partidos trouxeron consigo o descontento cidadán, que se plasmou nas eleccións municipais de 2015. Entre as “novas” reivindicacións, a que se relaciona directamente coa disciplina do arquitecto é a participación cidadá como acicate para o redeseño dos sistemas urbanos e do espazo público. O texto presenta unha serie de reflexións acerca da nova situación política e social e a súa incidencia na gobernanza da cidade desde o punto de vista do que significa participación cidadá e dos instrumentos que deben plasmar o resultado final para facer efectiva esa transformación da cidade. Desde un aspecto global, analízase o contexto político e económico que rodea o desenvolvemento urbano. Descendendo á escala do núcleo de Sada e o seu contorno, ofrécese unha serie de pistas que poidan relacionar, no contexto sadense, os termos de *urbanismo*, *política* e *polis*.

En segundo lugar, nárrese a experiencia do traballo da materia de Proxectos 4 desde o punto de vista das relacións urbanas, pero sen obviar a realidade esmagadora, o que herdarán os agora estudantes. De modo que, aos exemplos ideais de resolución do espazo, se lles superpoñen o resto de situacións reais, globais, que xustifican o rescate de tipoloxías en perigo de extinción (como un mercado de abastos) ou a posta en valor de tipoloxías alternativas, rexeneradoras de tecido (vivendas para artistas).

Por último, ao soño que produce a foto do voo americano de 1956, superpónselle unha crítica da situación real e a consideración de que, se a nova situación económica e de reclamo social supoñen xa de por si un grande hándicap, aínda existen problemas de antano de carácter estrutural que fan, se cabe, máis difícil afrontar unha gobernanza.

## Palabras chave

---

Urbanismo, democracia, espazo, arquitectura, participación.

*If you want to know how the shoe fits, ask the person who is wearing it, not the one who made it.*

[Se desexas saber como senta un zapato, preguntalle a quen o calza, non a quen o fabricou].

Nick Wates<sup>1</sup>

## 1. O peso da realidade

---

De todos é sabido que as eleccións municipais do 24 de maio de 2015 instauraron, a nivel político, as ideas xurdidas o 15-M (ou “Movemento dos Indignados”) en Madrid, en maio de 2011. Multitude de cidadáns pertencentes a áreas xeográficas ben distantes (e no caso que nos ocupa en Sada, moi periféricas respecto á capital do Estado) baixo un impulso común, desbancaron nas urnas algunhas das cabezas do noso sistema político tradicionalmente bicéfalo, como sucedeu nas grandes cidades, ben con maiorías, ben coa forza suficiente para estableceren pactos de goberno, como sucedeu en Sada. Unha fórmula (a de compartir goberno) que anos antes non conseguira cristalizar nin no goberno autonómico, nin na cabeza da área metropolitana da Coruña, pero que en Sada aparecía como a única opción de socios para remudar, entre tres partidos, o partido saínte. Posiblemente, as ideas que deron lugar a esta situación non estivesen directamente vinculadas ao urbanismo, senón máis ben a escándalos mediáticos de índole superior que, nunha democracia de partidos coma a nosa, penalizaron de modo global o peso dos partidos tradicionais, estendéndose, en xeral, a idea de que “todos son iguais”.

Neste texto desenvólvense -desde a profesión do arquitecto- unha serie de ideas relacionadas co debuxo deste novo contexto. Pretende ser unha reflexión construída sobre a neutralidade do oficio liberal e coa obriga moral do que debemos facer os profesores para que o noso alumnado (que será a próxima xeración) constrúa unha sociedade con menos indignados. Urbanismo e educación, dous procesos pausados, cuxos froitos non se rexen -en termos temporais ou de madurez- por lexislaturas. A súa aplicación ao concello de Sada non é máis que unha tradución do contexto global que nos envolve, matizada polas características inherentes a este municipio.

Por outra banda, do mesmo modo que noutras profesións a praxe e o dilema moral poden estar plenamente identificados coas ideas éticas ou políticas (o aborto na medicina ou a pena de morte ou a homosexualidade no exercicio da avogacía), en arquitectura e en urbanismo, parece que se consente todo. Coma se os procesos fosen reversibles e os erros non custasen tanto diñeiro. Pois mire vostede: as cidades tamén matan. E o máis grave é que estes erros se enquistan no tempo, ora porque condicionan futuros desenvolvementos, ora porque xeran discontinuidades que, ás veces, nunca se resolven. Apelando novamente ás profesións liberais, non debemos esquecer que a acción do home sobre o territorio, visto desde unha escala 1:25.000, se comporta como unha mancha que nunca involuciona, actuando sobre un tecido cuxa resiliencia tendemos a sobrevalorar (Fig. 1), e sobre a cal pesan, alén do dito, leis de propiedade que aínda o perpetúan máis. É o único que os nosos fillos herdán dos demais.

Tal e como afirma Vales (1991) a planificación urbanística tradicional caracterizouse por clasificar o solo no que é urbano ou urbanizable, e a negación desta característica, é dicir, o que non é urbano ou urbanizable, convertendo á planificación nun proceso empírico, non científico. Esta formulación conceptual veulle como anel ao dedo ao fenómeno da burbulla inmobiliaria, convertendo os *pxoms* nun instrumento de poder, control e especulación. Coma un fármaco ou unha patente que se reteñen ante unha epidemia: a do ladrillo. Quizais o lector ou lectora se sorprenda de que estas palabras saian dun arquitecto, coma se estivese a tirar pedras sobre o seu propio tellado, pero na Escola de Arquitectura, a formación técnica e humanística, o espazo real (cartesiano) e o espazo subxectivo (as vivencias), comparten taboleiro. E é precisamente esta última calidade a que formou as cidades, a que agrupou os homes en comunidades na procura dunha vida mellor. Na Antiga Grecia, o termo *polis* facía referencia á agregación de núcleos de poboación (agrupados anteriormente ao redor da casa). Posteriormente, Aristóteles definiu o home como “animal político”. E son *polis* e *política* os termos que se traballan neste capítulo, no marco que se estableceu liñas arriba, e sen esquecer que o paso da *polis* arcaica á *polis* clásica se produciu cando, para dar resposta ás demandas das clases sociais inferior e media, se iniciaron reformas en prol dunha maior equidade social.



Fig. 1. Estrutura urbana do Concello de Sada desde o sistema viario



Fig. 2. Medio construído do Concello de Sada

## 2. Política. A democracia representativa

---

Nun sistema coma o noso, en que o pobo é o titular do poder político e elixe democráticamente os seus representantes para exercer os diversos atributos de mando, fálase de *democracia representativa*. Non obstante, o sistema de representación partidista esixe aterse a unha serie de liñas ideolóxicas, necesita de financiamento externo para os seus programas políticos e ten que se adaptar, irremisiblemente, ao sistema económico (no noso caso, o capitalista, de libre mercado), o cal, en moitos casos, acaba defraudando ao electorado. Estes factores son os que matizaron o concepto ideal de democracia ateniense como forma de goberno en que *todos os cidadáns* participan das decisións políticas. Principalmente, pola aparición de representantes a modo de “intermediarios”, en lugar de interlocutores. Robespierre (1950) matiza este magma de situacións, ao declarar que “a democracia é un estado onde o pobo soberano, guiado por leis que son obra súa, fai el mesmo todo aquilo que pode facer e a través de delegados todo aquilo que el mesmo non pode facer”. Este é o primeiro ingrediente que cómpre ter en conta en reflexións posteriores.

## 3. Polis. Urbanismo. Tempo

---

O urbanismo (e, por tanto, a obtención e situación xeométrica de espazos para situar as pezas e os baleiros que quedan entre elas) é unha disciplina que debe camiñar, necesariamente, da man da política, como expresión dunha ideoloxía. É o axente ligante entre *polis* e política. Noutras palabras, é o desenvolvemento, o pegamento da cidade. Mais ten un inconveniente: a súa dilatación temporal, inherente a un proceso lento, que esixe madurez. O urbanismo non inaugura.

## 4. Censo. Representatividade real e virtual

---

Cando cruzamos os termos de *representatividade* e *urbanismo* (*civitas*) e o aplicamos ao concello de Sada, podemos obser-

var que nesta municipalidade conviven unha gran variedade de estratos espaciais: no sentido físico, temos unha clara cabeceira de municipio que alcanzou o título de cidade en 1945, cuxos límites se dilúen repentinamente no medio urbano que caracteriza o resto do municipio (Fig. 2). Tamén aparecen zonas litorais con predominio de segunda residencia e algúns núcleos rurais de certa compactidade. No sentido virtual, en termos de espazo público, os límites nin sequera aparecen por mor da deslocalización do individuo que reclama atención.

Pensem os en clave política. O espazo público e a rede de equipamentos en que se apoia é un sistema *per se con* máis incógnitas que ecuacións, un sistema indeterminado. O espazo de convivencia non sempre é urbano (rural, feiras populares, romarías). Neste contexto, en que actuar de planificador resulta tan complexo coma facer de adiviño, semella que as incógnitas as despexaron os cartos. Daquela, desde unha posición máis nobre, á gobernanza o que lle queda son as persoas. Se o sistema de representación democrática depende dun censo real, en núcleos de poboación da área metropolitana da Coruña, onde o fenómeno da segunda residencia adquire un gran peso e a flutuación de poboación interestacional resulta considerable, a vinculación ao lugar físico dos cidadáns comeza a non estar clara. E se nos referimos ao outro espazo (o virtual), o sentimento de pertenza redúcese a un enderezo IP.

No espazo virtual, ante o anonimato das opinións vertidas, faise necesaria a presenza dun moderador. Quizais este sexa o perfil que mellor define a posición dun político no contexto actual de democracia representativa. E moderar, en municipios cun espectro tan grande de situacións, non resulta doado. Pinson (2011, páx.: 335) resume a situación de xeito moi claro:

Todo ocorre como si ellos [os representantes involucrados nos proxectos urbanos] consideraran que su legitimación y su reelección estuvieran garantizadas más por la demostración de una capacidad para producir las estrategias y plasmarlas en operaciones concretas que por un trabajo paciente de encuadre electoral de los grupos que componen la sociedad urbana, cuyos resultados corren el riesgo de ser más que aleatorios [...]. Este rodeo muestra dos cosas esencialmente. En primer lugar, que lo que denominamos crisis de la democracia representativa ha alcanzado altas cotas en las ciudades y hace más erráticos los comportamientos electo-




Fig. 3. Esquemas de crecemento da cidade en función dos criterios de valor do solo e a súa aplicación ao caso de Sada, elaborados para centrar a cuestión económica entre o alumnado. A imaxe pretende ilustrar por contraste o valor do espazo público, empregando como exemplo a realidade urbana en que conviven os propios alumnos. Nótese a importancia do espazo público resultante das operacións 1 e 2. O seu uso, no primeiro caso, queda supeditado a un segundo plan parcial, que establece unha discontinuidade no crecemento do tecido, pondo de relevo o valor de cambio da cidade.



Fig. 4. Imaxe aérea do núcleo de Fontán. Sada, A Coruña (ca. 2009). Á esquerda, o conxunto de 50 vivendas subvencionadas en Fontán-Sada (1967) do arquitecto Andrés Fernández-Albalat Lois, quen recentemente resumía así o proxecto: "Terreno en pendente suave, con vistas al mar (entonces). Ordenación en reticula, vivendas en una o dos plantas, cada tres un jardín, 76m<sup>2</sup>/ vivienda. Un "damero" sobre la parcela, surcado por calles que se cruzan. Comunidad y privacidad. La escala del lugar. Respeto del paisaje, del montecillo aquel" (Fernández-Albalat, 2016, páx.: 14).



rales de los ciudadanos urbanos que los de otros lugares. Después, que la idea familiar según la cual las sociedades urbanas están compuestas de grupos –territoriales, sociales, étnicos, de estatus, etc.– bien identificables y con fronteras muy delimitadas, dotadas de portavoces y líderes, y así fáciles de «trabajar» políticamente para el representante, es posiblemente una entelequia a la vez vulgar y sabia que ya no corresponde a ninguna realidad.

As consecuencias, para Bernard Manin (1995), tradúcense na “disgregación de las lógicas de identificación colectiva e individual, lo que conduce a un aumento constante de las tasas de abstención, una volatilidad creciente o el voto a los extremos”. Resulta, ademais, que onde hai dispersión ou *sprawl*, coma en Galicia, os índices de participación afúndense. E Sada é un exemplo, de libro, de cidade difusa (Fig. 2).

Esta nova cultura política, segundo Pinson (2011, páx.: 340)

conduciría a las élites políticas urbanas a abandonar las políticas de inspiración socialdemócrata en beneficio de medidas de inspiración liberal, populista o postmaterialistas según el caso, como la reducción de impuestos, o incluso el desarrollo de nuevos sectores de políticas públicas, como el medio ambiente.

Nótese que o corolario de Pinson incorpora o concepto de *post-materialismo*. Un termo que se relaciona posteriormente co das estruturas orixinarias que conformaron núcleos como o de Sada.

Finalmente, non parece desatinado pensarmos que, neste contexto de individualidade, de acceso á tecnoloxía e de falta de fe nos representantes democráticos, o futuro da democracia representativa sexa o de votar ideas, non partidos. Dixitalmente. Baseadas no acceso universal á rede. De novo, a educación convértese no quid da cuestión.

## 5. Cidadanía vs. instrumentos

Nesta epígrafe preténdese reflexionar sobre as ferramentas da planificación respecto a esa situación soñada: como chegan a influír sobre a situación de reclamo social as figuras, o plan e os instrumentos. Cal é a implicación real en cantidade e calidade

dese reclamo social e se se trata de ferramentas que chocan cos aspectos da democracia representativa.

O meirande problema de entre todos, é –ou máis ben debería ser– alleo ao urbanismo en si. O que eu definiría como *turbo-capitalismo*.<sup>2</sup> O sistema económico que nos envolve e a endemoñada inmediatez que lle esiximos, en xeral, á materialización das promesas (no contexto en que nos movemos xeralmente cada catro anos) remata por ver na construción da cidade un mecanismo de produción de solo que, apoiado no valor de cambio deste, remata por desprezar o solo dotacional e as zonas verdes ao perímetro da bolsa máis afastado do centro urbano. A figura 3 trata de ilustrar este fenómeno, ao tempo que o aplica á condición de bordo marítimo de Sada. Este sistema de crecemento baseado no capital tampouco considera que o urbanismo nunca é un proceso de todo rematado, senón que máis ben se nutre de transicións (Fig. 3). No caso de Sada, os últimos desenvolvementos inmobiliarios do bordo marítimo tampouco consideraron a escala, ese termo tan dificilmente xustificable para a cidadanía. Esta figura tamén trata de xustificar, dalgún modo, que ás veces o instrumento é válido, pero non o deseño nin as ratios.

Para articular o progreso da cidade debemos atopar un punto intermedio que se ache a cabalo entre a exposición pública, o período de alegacións ou a denuncia e a anarquía que produce o espazo subxectivo de todos e cada un dos individuos. Pero, sexa como for, o espazo subxectivo debe reflectirse necesariamente nunha xeometría real. E, polo demais, ás veces faise necesaria a presenza dunha mirada descontaminada para lembrarnos o que sucede, en realidade, con ese espazo subxectivo.<sup>3</sup> É dicir, de que modo se pode resolver un expediente coa mesma eficacia ou axilidade, sen renunciar á tolerancia e á apertura. Aparecería aquí a figura do político como axente mediador, como intermediario entre o interese xeral e os consellos de barrio ou comités consultivos, que pasarían a ser axentes activos ou decisivos nos procedementos instrumentalizados por lei. Nun concurso de ideas deberíase elaborar unha especie de estudo de impacto veciñal<sup>4</sup> e nomear un membro do tribunal que representase os intereses do colectivo para o cal se diseña, con voz propia na acta. E, posteriormente, unha exposición pública dos proxectos seleccionados fronte ao destinatario final. No fondo trátase de elaborar un programa participativo<sup>5</sup> e darlle resposta consensuada,




Fig. 5. Maqueta a escala 1:200 do espazo público das rúas José Morzo, Linares Rivas e praza de España, Sada, 2016. Vista desde o suroeste.



Fig. 6. Maqueta a escala 1:200 do espazo público das rúas José Morzo, Linares Rivas e praza de España, Sada, 2016. Vista desde o sueste.




Fig. 7. Maqueta a escala 1:200 do espazo público das rúas José Morzo, Linares Rivas e praza de España, Sada, 2016. Detalle do ingreso á praza de España, coa igrexa de San Roque ao fondo.




Fig. 8. Maqueta a escala 1:200 do espazo público das rúas Jose Morzo, Linares Rivas e praza de España, Sada, 2016. Nótese a escala do espazo, que se significa nas figuras humanas

entendendo que, como arquitectos, ás veces se nos encarga unha peza onde o cliente aparece cun programa de necesidades e a idea que formulamos sorprende polo inesperado. Trátase –nos procesos de construción de cidade– de dar paso a unha gobernanza, que non a un goberno, que non dilúa o político da súa posición como axente mediador, senón todo o contrario.

Porén... que acontece cando falamos dun plan parcial que desenvolve un solo urbanizable onde aínda non temos cidadanía? Repetiríamos o mesmo esquema de crecemento anterior? Buscaríamos a escusa dun campo de golf para poder adscribir terreos con usos “complementarios”? Nestes casos, o arquitecto terá que ser quen leve a batuta da ordenación e quen, a falta do mencionado estudo de impacto veciñal, imaxine un novo fragmento de cidade dentro dos valores humanos, culturais e de paisaxe que lle brinda o lugar.

## 6. Dinámicas urbanas. Espazo público

---

Polas súas dimensións e pola súa necesidade de cohesión, Sada parece un bo campo para experimentar esa política local e afastarse de grandes desenvolvementos urbanísticos *anónimos*. Todo isto sen esquecer que cando, grazas á globalización, conflúen infraestruturas de ámbito supramunicipal (como, por exemplo, o porto deportivo ou a Vía Ártabra), terán que entrar en xogo axentes políticos que acheguen a posición cidadá ao órgano con competencias sectoriais. Por exemplo, os delegados do goberno. Por suposto, sen esquecer que os grandes conflitos polo espazo «son la expresión –y cada vez lo serán más– de conflictos entre la escala local y la global” (Boira Maiques, 2003, páx.: 330).

No contexto descrito, a materia de Proxectos 4 centrouse en posibles actuacións de cirurxía no tecido urbano que puidesen xerar un impacto veciñal. Ao tempo que se deseñaban as distintas pezas, xurdían numerosos debates a outra escala verbo da dinámica urbana sadense. Os temas elixidos como proxecto (especialmente o mercado de abastos) permitían explicar o alcance territorial dunha cidade dependendo do territorio que a rodea (non da propia cidade). Falábase de cohesión fronte a

concentración. En termos de desprazamentos, valorábase o que supón a xornada partida e a continua, dos latexos estivais e a segunda residencia e o que supón a Vía Ártabra. Do que significa *avance*, ou máis ben, do que suporía *quedar atrás*. Sempre pensando en que termos xulgamos estes conceptos. Sen esquecer que o problema radica en que, ao final, o resultado hase plasmar nunha realidade física que actúa sobre un ben común limitado: o territorio.

En Sada existen bos exemplos de pezas arquitectónicas democráticas. O conxunto de 50 vivendas en Fontán (Fig. 4), do arquitecto Andrés Fernández-Albalat Lois. Un bo exemplo para que comprendesen o que significa o gradiente de espazos. Deseguido xurdiu o recurso de pensarmos o espazo público en negativo, é dicir, representar os baleiros e aplicalo á cidade de Sada. A intención principal da maqueta era a de poñer en valor precisamente esta calidade, e levala pouco a pouco aos accesos das vivendas temporais e ao espazo ambiguo do mercado (Figs. 5 a 7); estudar o que significa un portal, un soportal; explorar o valor da espiña de peixe, tan carente no *hábitat de estrada*<sup>6</sup> que caracteriza a nosa rexión; sancionar as discontinuidades do tecido, como os fondos de saco. Así, mediante situacións urbanas ambiguas interior-exterior, o espazo da rúa José Monzo, á sombra das medianeiras da fronte marítima, recuperaríase o valor da escala humana, e con ela, a súa importancia. Ofrecendo unha prolongación da rúa Linares Rivas e con ela, unha extensión da actividade urbana en días invernales. Ideal para explicar o que significa un soportal, un limiar, unha transición. Un espazo de interface. Un regalo do promotor privado ao espazo público.

Á hora de establecer conexións co contido democrático deste artigo, recordamos a intención do festival Sada Urbanfeel, como forma de reclamar o espazo urbano que teñen as expresións artísticas ou deportivas menos practicadas (como o *break-dance* ou o *freestyle*). Un festival, por certo, que se desenvolve próximo á Terraza de Sada, cuxo destino final –desexamos– sexa parecido ao da experiencia na Tabacalera de Madrid.

O exercicio do mercado de abastos supuxo unha grande escusa para aplicar o concepto de hibridación en termos no que se refire ao espazo e ás relacións humanas. Non só a escala 1:500 ou de alzados, senón que tamén permitiu reflexionar acerca da



Fig. 9. Barcelona, 19 de setembro de 2014. "Park-ing day".




Fig. 10. Superposición do medio construído actual sobre a foto do voo americano de 1956 que ilustra a complexidade urbana e, por tanto, a política do crecemento difuso sobre as estruturas de núcleo rural.

súa posición relativa ao eixe descrito na maqueta (Fig. 8). Sobre o seu papel de catalizador nun eixe lineal en lugar dunha concentración de usos/horarios nesta área, e sobre a realidade económica e o réxime de propiedade do inmoble. Sobre a economía global que contaxia ao municipio e sobre como volver a unha escala doméstica de mercado, precisamente a través do deseño dun equipamento onde se adoita ir comprar.

En definitiva: falouse –a todos os niveis– da cidade como ben de uso, que sitúe o domingueiro (Fig. 9) ou o *skater* no mesmo plano que o cidadán da pé, que dean cor e dinamismo ás beirarrúas e parques onde aquel senta habitualmente a ler o xornal. É que o deseño da cidade nos vai educando. Crea hábitos.

## 7. Conclusións

---

En numerosas ocasións dá a impresión de que todo se podería resolver dun modo moito máis sinxelo. Non desde un punto de vista simplista, onde os problemas de espazo se solucionasen alterando a ratio de cesións ao dominio público ou establecendo unha serie de condicións de relacións (*antropo*)mórficas entre os distintos usos nas bolsas en desenvolvemento, senón respectando moitas das ferramentas que temos ao noso dispor para ordenar o territorio e que demostraron ser efectivas noutras localidades do territorio español. En España empuñamos unha arma de dobre fío, capaz de causar desorde e destrución e capaz, tamén, de controlar e canalizar o crecemento e a cohesión dos núcleos de poboación. E ambas tiñan soporte legal, urbanisticamente falando.

Ao tempo que desde a xanela dereita do avión se recoñecen as rías de Ferrol, Ares (Sada) e Betanzos e o espaxamento que as caracteriza, a moitos de nós sorpréndenos, aínda, a dignidade con que a nosa terra sobrevive ás súas feridas. Por iso defendo que nos atopamos aínda na cela de saída, coas mesmas formulacións de hai trinta ou corenta anos, coa fantasía, o lenzo en branco que é aquela foto do voo americano de 1956. Un documento que fai pensar no *posmaterialismo*, no regreso á estrutura doméstica ancestral, cuantificada polo antropólogo Robin Dunbar<sup>7</sup> (fronte á individualidade que carrega internet). Un verda-

deiro benestar afastado das políticas de produción. Volver deseñar mediados do século pasado unicamente desde a perspectiva da estrutura urbana e redistribuír as pezas, a todas as escalas (Fig. 10), sabendo que hoxe en día non poderíamos renunciar a aquel avión. Velaquí a gran contradición. E é que, moi probablemente, cando o global fai perder identidade, a comunidade retráese e incídese no independentismo e na autoxestión.

Segue habendo moitos temas abertos. Algúns, mesmo de ámbito conxuntural, que impiden unha xestión do solo máis rápida e eficaz, pero que asemade son alleas ao arquitecto. Para poder afrontar a situación actual deberíamos ir pechando algunha. Non só a nivel cultural, senón burocrático. Por exemplo, pretendemos solucionar o asunto do feísmo coa elaboración de pautas que pretenden garantir a finalización da obra e, non obstante, deberíamos preguntarnos que entendemos por *finalización* e que situacións son ás veces mellor que a propia obra rematada como a toma de decisións estruturais a maior escala: a mobilidade rexional e a mancomunidade ou área metropolitana da Coruña. Sen dúbida, outro dos asuntos aínda pendentes.

## Bibliografía

---

- Boira Maiques, Josep V. “La participación ciudadana y el urbanismo. ¿Radicalizar la democracia o democratizar el espacio?” en *Ciudades, arquitectura y espacio urbano*. Colección Mediterráneo Económico, 3, ed. Horacio Capel. Caja Rural Intermediterránea S. Coop., 2003.
- Bouhier, Abel. *Galicia. Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*. Biblioteca de clásicos agrarios galegos, trad. Benxamín Casal. Xunta de Galicia, 2007.
- Fernández-Albalat Lois, Andrés. “Arquitectos, arquitectura y vivienda. Tema con variaciones”. Cuadernos de Fin de Carrera, VII. Pedrós Fernández, Óscar (ed.). A Coruña: Escola Técnica Superior de Arquitectura-Universidade da Coruña, 2016: 11-18
- Manin, Bernard. *Principes du gouvernement représentatif*. París: Flammarion, 1995.

Pinson, Gilles. *Urbanismo y gobernanza de las ciudades europeas: gobernar la ciudad por proyecto*. Valencia: Universitat, 2011.

Robespierre, Maximilien. *Oeuvres Complètes. Tome III (1793-1794)* ed. M. Bouloiseau; G. Lefebvre; A. Soboul. París: Société des Études Robespierriennes, 1950.

Vales, Carlos. "Crítica á metodoloxía da ordenación do territorio" en *Obradoiro. Revista de arquitectura* n.º 18. Santiago: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1991.

Wates, Nick. *The Community Planning Handbook. How people can shape their cities, towns and villages in any part of the world*. Londres: Earthscan Publications, 2000.

## Relación de figuras

---

Todas as figuras ou fotografías son de elaboración propia ou pertencen ao arquivo do autor agás a número 9, cuxa autoría se descoñece (tirada do portal [www.kireei.com](http://www.kireei.com)), e as maquetas dos números do 5 ao 8 que pertencen ao alumnado do grupo D3 da materia Proxectos 4: Andrea Castelao Pereira, Laura Falagán Rodríguez, Sara Cobos Gómez, Alba Castaño Pérez, Esteban Estévez Estévez, Laura Domínguez Casanova, Marta Coto Estévez, Andrea Conde Lama, Iria Gavilán Maquieira, Enrico Robin, Jesús M. Casas Ruiz, Felipe Domínguez Lanza, Francisco Dios Paz, Tamara Deza Martínez e Laura García López.

## Currículum do autor

---

Óscar Pedrós Fernández é doutor arquitecto pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña (2013), membro do Grupo de Investigación Proxecto, Arquitectura e Cidade da Universidade da Coruña e membro do proxecto Iacobus: Rehabilitar o Patrimonio Europeo. Entre 2006 e 2009 realizou o Mestrado en Urbanismo (UDC), o Curso de Técnico Superior de Urbanismo (Xunta de Galicia) e a Masterclass Berlage Institute (UIA, Rotterdam). Profesionalmente desenvolveu as súas primeiras obras en INBO BV Ámsterdam, para centrarse posteriormente na obra pública desde o posto de arquitecto municipal no Concello da Coruña. Entre a súa obra publicada, alén das seleccionadas pola iniciativa Metagenesix, figuran a Escola Infantil en Novo Mesoiro (CIAB IV, 2010) e a Casa EINS (Casa Viva, n.º 168, 2011), pola que recibiu un accésit nos XIV Premios COAG. En 2008 ingresa como profesor da ETSA da Coruña, onde imparte docencia no Departamento de Proxectos. Entre as súas publicacións salientan *Documentos de Reflexión Urbanística*, números 1 e 2 (2009) e "Murcutt: A solución ¾, non a 6/8" (*Boletín Académico*, n.º 1, 2011).

## Notas

---

- 1 Nick Wates, *The Community Planning Handbook. How people can shape their cities, towns and villages in any part of the world* (London: Earthscan Publications, 2000).
- 2 Concepción privatizadora do espazo que reserva aos cidadáns o papel de clientes e as decisións sobre a compra se producen vertixinosamente, alimentadas pola dinámica social consumista e o medo a *quedar fóra* (nota do autor).
- 3 Neste sentido, a experiencia de Jean Nouvel na Coruña para o concurso do Pazo de Congresos e Exposicións (de novo outra fronte litoral) resulta reveladora.
- 4 No seu artigo, Boira Maiques denomínoa “avaliación do impacto veciñal”. “De todo ello se deriva a nuestro juicio la necesidad de centrar los esfuerzos de la participación no en el ámbito administrativo determinado (generalmente los ayuntamientos), sino en la propia esencia del espacio, en su naturaleza intrínseca. Sería la única forma de que todas las instancias respetaran este derecho y esto se podría hacer de forma normativa, a través de la figura de la Evaluación del Impacto Vecinal, un estudio obligatorio por ley para toda obra pública y para todo proyecto urbanístico realizado en el espacio de la ciudad” (Boira Maiques, 2003, páx.: 330).
- 5 Segundo o antropólogo Robin Dunbar, a cantidade de individuos que pode desenvolverse plenamente nun sistema determinado é, aproximadamente, de 150 individuos, o cal está relacionado co tamaño da neocórtex cerebral e a súa capacidade de proceso. Se o extrapolamos ao contexto actual, o exemplo podería ser pensar en cantas son as persoas do noso contorno das cales coñecemos a súa situación vital neste momento, aínda tendo as redes sociais ao noso dispor e unha accesibilidade completa ás telecomunicacións.
- 6 Abel Bouhier denomina esta situación como *aldea de estrada* (Bouhier 2007, páx.: 107).
- 7 No urbanismo deberían convivir, entre os documentos dun plan xeral, os planos estritamente xeométricos como reflexo dunha realidade mesurable e os mapas mentais ou espazos subxectivos construídos ao abeiro de quen goza desas expectativas de crecemento, non só en termos cuantitativos, senón cualitativos (nota do autor).